

ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DO ALUMNADO AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa RESOLUCIÓN do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 18/09), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DO ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

- 1.- De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **3 alumnos/as**¹, dun total de 4 que debe ter o Consello Escolar. Dous deles por un período de 4 anos e o outro por un período de 2 anos (vacante sen cubrir das últimas eleccións).
- 2.- Son electores todos os alumnos/as, do Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día 5 de novembro está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14'00 horas do día 18 de novembro.
- 3.- Son elixibles os alumnos/as que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Centro. As candidaturas correspondentes poderanse presentar a partir do día seguinte a data deste documento ata as 14'00 horas do día 12 de novembro.
- 4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os alumnos/as que non se presenten como candidatos/as, o día 19 de novembro, ás 11:15 horas. Dita mesa electoral estará composta polo director do Centro, que actuará como Presidente, e catro alumnos/as, actuando de secretario/a o de menor idade.
- 5.- A campaña electoral comprenderá dende o 5 ao 19 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición ao presidente/a da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES. A véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.
- 6.- Poderán actuar como supervisores o alumnado matriculado no Centro que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores/as.
- 7.- As votacións realizaranse neste IES **o día 21 de novembro, de 11:15 a 11:45 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 11:00 horas.
- 8.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo **2 nomes**² dos candidatos/as presentados/as, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.
- 9.- Ten dereito ao voto o alumnado matriculado.
- 10.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.
- 11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

(1) Segundo proceda en cada caso.

(2) Segundo a situación particular de cada centro. Ver o artigo 42 do Decreto 92/1988.

Vilalba, 5 de novembro de 2024.

O director do centro,

Asdo.: Víctor Alfredo Peino Díaz

